



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

A Alcaldía deste Concello por Resolución do día 7 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo

Vista a resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que lle concede ao Concello de Muros unha subvención por un importe de 14.856,10 € para a contratación durante dous meses de cinco persoas desempregadas para a execución do servizo “Socorristas”, segundo a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2017 (DOG nº 8 de 11 de xaneiro de 2018).

Visto o informe de fiscalización da intervención xeral de conformidade de data 7 de xuño de 2018

RESOLVO

PRIMEIRO.-

Aprobar as bases que han de rexer a selección de cinco socorristas durante dous meses en base ao programa de fomento do emprego en colaboración coas EELL, e que se transcriben a continuación

BASES QUE HAN DE REXER O PROCESO PARA A SELECCIÓN DE CINCO SOCORRISTAS PARA AS PRAIAS, VERAN 2018 A TEMPO COMPLETO.

1 Obxecto da convocatoria

Ten por obxecto esta convocatoria, a selección para a contratación temporal a tempo completo mediante contrato de duración determinada de interese social de cinco socorristas acuáticos durante dous meses. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei.

2 Características do posto

Área de subscrición: Seguridade

Denominación dos postos: socorrista

Grupo de clasificación: IV

Titulación: Certificado de profesionalidade segundo o previsto no punto 4 g).

Outros coñecementos: CELGA 3 ou equivalente

Funcións: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos propios dos socorristas acuáticos en espazos naturais. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

3 Sistema de selección

O sistema de selección será de concurso de méritos, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

4 Requisitos das persoas aspirantes.

Para a admisión das persoas aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais :

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 e 57 do RDL 2/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, coa autorización pertinente e non ter cumpridos os 65 anos.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- d) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitadas, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento de presentar a oferta de emprego e manter esta circunstancia ata o inicio da relación laboral co Concello de Muros.
- g) Estar en posesión certificado de profesionalidade de socorrista en espazos acuáticos naturais ou equivalente, ou estar inscrita no rexistro profesional de socorristas de Galicia segundo o Decreto 104/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou ter solicitada a súa inscrición e cumprir os requisitos do art. 6 ou da disposición transitoria única do citado decreto ou ter o certificado de profesionalidade de socorrista, ou equivalente

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de presentación da oferta no Servizo Público de Emprego e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

5 Admisión de persoas aspirantes

Recibida a lista de persoas do Servizo Público de Emprego publicarase na páxina web a relación remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, sinalando a data de realización do primeiro exame. A persoa



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

aspirante deberá de acreditar antes da realización do primeiro exame que cumpre os requisitos previstos no punto 4 destas bases, así como dos méritos que se queiran alegar en relación ao punto 7.

6 Tribunal cualificador

O Tribunal de selección estará composto por:

PRESIDENTE/A: Francisco Abelardo Lestón Lago; suplente: David Pastoriza Fenández

SECRETARIO/A: José Manuel Mayo Priegue; suplente: Noelia Louro Louro

VOGAL: Francisco Candamo Fernández; suplente: M^a Trinidad Fernández Caamaño

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

7 Procedemento selectivo

O Tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

O procedemento selectivo será o de concurso de méritos, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 10 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 10 puntos

Serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na categoría, deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da administración contratante do



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

tempo traballado na categoría correspondente. A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 8 puntos

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,20 puntos por mes de servizo.

b) Formación, ata un máximo de 2 puntos

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo.

- a) Técnico/a medio ou superior : 1,00 puntos
- b) Cursos de máis de 200 horas: 0,60 puntos
- c) Cursos de 100 a 200 horas: 0,40 puntos
- d) Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos
- e) Cursos, de 10 a 49 horas: 0,10 puntos
- f) Xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos

8 Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.gal, propondrá ás persoas preseleccionadas segundo a orde de puntuación e establecerá un prazo de tres días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren estas, reunirase novamente o Tribunal para resolvelas. Coas aspirantes que non sexan propostos, elaborárase unha bolsa de emprego para cubrir posibles renuncias ou vacantes as persoas contratadas en base a este proceso. En caso de empate terán preferencia os aspirantes de maior idade.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

A proposta do Tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

9 Incidencias

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

10 Normativa aplicable

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

11 Financiación. O proxecto financiarase con recursos procedentes da Xunta de Galicia e do Concello de Muros, imputándose os custes laborais en cuantía conxunta non superior a 15.739,10 euros, nas partidas do Orzamento municipal de 2015- prorrogados 432.13102 e 432.16000. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas en 1.102,90 euros brutos mensuais, por todos os conceptos, mais a indemnización por remate de contrato.

12 Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe de 11.912,00 euros en concepto de retribucións salariais totais e por importe de 3.827,10 euros en concepto de cotas da Seguridade Social a cargo da Entidade, con imputación respectivamente ás partidas 432.13102 e 432.16000 do Orzamento municipal de 2015 - prorrogadas.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo a intervección e dar conta ao pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre